

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 28 de maio de 2012**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. José Manuel Fernández Pérez

**Invitado:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e quince minutos do día vinte e oito de maio de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(603).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión

**2(604).- CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NOS ANOS 2012-2013. EXPTE. 8316/306**

ANTECEDENTES.- Examinadas as actuacións do expediente, á vista das actuacións da Mesa de Contratación realizadas os días 15-05-2012, 22-05-2012, 25-05-2012 e 28-05-2012 e os informes do xefe do Servizo de Medio Ambiente de 23-05-2012 e 25-05-2012, por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2<sup>º</sup> LCSP), acorda:

1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nas praias (exped 8316-306), no seguinte orde decrecente:

1ª	CRUZ VERMELLA	82,64 PUNTOS
2ª	AQUALIA GESTION INTEGRAL DEL AGUA, S.A.	75,44 PUNTOS
3ª	TRANSGALAICA, S.L.	22,62 PUNTOS

2º.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ VERMELLA, para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

3º.- Requerir á empresa clasificada en primeiro lugar o aboamento de 708,28 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Conforme coa delegación acordada pola Mesa de Contratación na súa sesión de data 27-07-2010, o secretario da mesma procederá a formular ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

### **3(605).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A MELLORA DO POSICIONAMENTO DE VIGO NAS REDES SOCIAIS E REORIENTACIÓN 2.0 DA WEB. EXPTE. 4271/104**

ANTECEDENTES.- Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 14.05.2012 da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, conformado polo concelleiro delegado de área e pola concelleira de Economía e Facenda, vistos así mesmo a fiscalización da Intervención Xeral e o informe da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1.- Aprobar o expediente de contratación N°4271-104 conducente á contratación da mellora do posicionamento de Vigo nas redes sociais e reorientación 2.0 da web.

2.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 1 de marzo de 2012 e o prego de cláusulas administrativas de data 9 de maio de 2012 de condicións que rexerán a contratación das accións dirixidas á "Mellora do Posicionamento de Vigo cunha presenza coherente e estruturada en redes sociais e reorientación 2.0 da web [www.turismodevigo.es](http://www.turismodevigo.es)" que forma parte das actuacións aprobadas pola comisión de

seguimento do Plan de competitividade turística “Turismo Urbano e Ria” na súa sesión do 23 de decembro de 2011.

3.- Autorizar o gasto por un importe de 70.800 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria e remanente, 43202270606 “Plan de Competitividade Turística de Vigo” para o vixente exercicio económico.

4.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

**4(606).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICATIVOS MÓBILES MULTIPLATAFORMA. EXPTE. 4247/104.**

ANTECEDENTES.- Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 14.05.2012 da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, conformado polo concelleiro delegado de área e pola concelleira de Economía e Facenda, vistos así mesmo a fiscalización da Intervención Xeral e o informe da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación Nº4247-104 para o desenvolvemento de aplicativos mobiles multiplataforma.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 16 de abril de 2012 e o prego administrativo de data 7 de maio de 2012 de condicións que rexerán a contratación “Desenvolvemento de Aplicativos Móviles multiplataforma para potenciar o disfrute do destino turístico de Vigo” que forma parte das actuacións aprobadas pola comisión de seguimento do Plan de competitividade turística “Turismo Urbano e Ria” na súa sesión do 23 de decembro de 2011.

3.- Autorizar o gasto por un importe de 100.000 € (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria, de remanente, 43202270606 “Plan de Competitividade Turística de Vigo” do vixente presuposto.

4.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 13,20 horas. Como secretaria dou fé.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.